

CS Comercio internacional

Ciclo formativo de grao superior

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Xestionar os plans de actuación relacionados coas operacións de compra–venta, almacenamento, distribución e financiamento no ámbito internacional, de acordo con obxectivos e procedementos establecidos.

Onde se realiza o traballo? Compras, vendas, almacenaxes, distribución e administración.

En que postos de traballo? Técnico en comercio exterior, operacións exteriores (banca), loxística, administración do comercio internacional, transporte internacional, compras, vendas, márketing internacional e almacenaxe de produtos.

Cales son os módulos deste ciclo?

| Módulos | Horas |
|---|-------|
| Almacenaxe de produtos | 105 |
| Aplicacións informáticas de propósito xeral | 110 |
| Financiamento internacional | 160 |
| Formación e orientación laboral | 55 |
| Formación en centros de traballo | 380 |
| Horas á disposición do centro | 55 |
| Lingua estranxeira en comercio internacional (inglés) | 160 |
| Medios de pagamento internacionais | 90 |
| Márketing internacional | 215 |
| Negociación internacional | 110 |
| Proxecto integrado | 90 |
| Segunda lingua estranxeira | 130 |
| Transporte internacional de mercadorías | 130 |
| Xestión administrativa do comercio internacional | 185 |

Que título se obtén? Técnico superior en comercio internacional.

A que outros estudos se pode acceder? Diplomado en biblioteconomía e documentación; Diplomado en ciencias empresariais; Diplomado en educación social; Diplomado en estatística; Diplomado en relacións laborais; Diplomado en traballo social; Diplomado en turismo; Diplomado en xestión e administración pública; Enxeñeiro técnico en informática; Licenciado en administración e dirección de empresas; Licenciado en dereito; Licenciado en economía; Mestre, todas as especialidades.